

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO DA MÚSICA 2019 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 7 de marzo de 2019, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO DA MÚSICA 2019 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

A Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas destinadas a promover e fomentar as actividades culturais enmarcadas no Ano da Música que conmemora esta institución provincial, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Primeira. Obxecto

A Deputación concederá subvencións para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra deste cando teñan relevancia para os intereses provinciais, durante o exercicio actual. Serán prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a mellorar a calidade de todas as manifestacións culturais, en especial as actividades dirixidas á reivindicación e difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, contribuíndo deste xeito á difusión, mantemento e recuperación da nosa cultura e tradicións.

A Deputación de Pontevedra concederá, en réxime de concorrencia competitiva, axudas económicas dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro da nosa provincia para as actividades culturais do Ano da Música que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. Poderán ser obxecto de financiamento as seguintes actividades:

Xornadas e eventos relacionados coa memoria histórica

- Actividades relacionadas co patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico e natural
- Actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos)
- Festivais, mostras, encontros e certames culturais
- Certames e actividades de posta en valor da pintura, escultura, arquitectura e banda deseñada
- Intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical



Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, os seguintes conceptos:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares
- Os gastos gastronómicos, agás naqueles casos de intercambios culturais a fóra da comunidade autónoma e que garden relación directa coa actividade
- Actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais

Segunda. Dotación económica

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 19/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2019 por un importe total de douscentos trinta mil (230.000,00) euros.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (feito que se debe acreditar cunha declaración responsable da persoa representante)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando versen sobre temas de interese para a provincia
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación

Non poderán beneficiarse destas subvencións as ANPA nin as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades culturais concedidas no exercicio anterior.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 15 de abril de 2019.

Quinta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade titular do centro
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sexta. Documentación

Cada entidade pode presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa dunha actividade concreta, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade concreta da que se terá que indicar o lugar e a data de realización
- Orzamento pormenorizado e totalizado (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) dunha actividade concreta e determinada, asinado pola persoa representante



Xoves, 21 de marzo de 2019

Núm. 56

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

En caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que no caso de non o facer se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZG06VZ0K6AM1D0CJ



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, tendo en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

- 1) Difusión da actividade (de ámbito local, provincial, nacional ou internacional), ata 20 puntos
- 2) Orzamento total da actividade obxecto de subvención, ata 40 puntos
- 3) Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 15 puntos
- 4) Adecuación da actividade ao interese provincial, ata 25 puntos

Neste punto teranse en conta as persoas participantes e as que se beneficien da actividade, o fomento da lingua galega na súa realización, así como o fomento da igualdade entre mulleres e homes.

A Deputación poderá requirirlles as entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.

Décima. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura e Lingua, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base sétima, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei xeral de subvencións (LXS). Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitirase a Intervención para a súa fiscalización.



Xoves, 21 de marzo de 2019

Núm. 56

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidencia: o deputado delegado da área de Cultura e Lingua
- Vogalía: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e Lingua e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaría: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura e Lingua, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo primeira. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo dunha proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Cultura e Lingua, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos



Décimo segunda. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2020.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificandos referidos a alimentos e bebidas.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.

b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada unha o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade.

As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.

c. Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificandos da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8.2.c) das de execución do vixente Orzamento provincial.

d. Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida, establecéndose unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).

e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles preferiblemente ás e aos provedores antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deberán aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

f. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e



a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible unha forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.

g. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.

h. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.

i. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte do organismo provincial desta actividade a través do logotipo "Deputación: Ano da Música".

Décimo terceira. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Décimo cuarta. Incumprimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura e Lingua requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo quinta. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases



Xoves, 21 de marzo de 2019

Núm. 56

Décimo sexta. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2019 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo sétima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo novena. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, entendéndose como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar; nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZG06VZ0K6AM1D0CJ



Xoves, 21 de marzo de 2019

Núm. 56

Vixésima. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2019, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ZG06VZ0K6AM1D0CJ

